

# Bases do Validatón 2025

## 1. Período e formato da competición

A competición desenvolverase en dúas fases:

- **Fase en liña:** terá lugar do 31 de marzo ao 10 de abril ás 12.00 h.
- **Fase presencial:** celebrarase o día 10 de abril na sede do Instituto da Lingua Galega (Praza da Universidade, 4, Santiago de Compostela), entre as 16:00 e as 20:00 h, cunha sesión final da actividade, unha merenda e a entrega de premios.

Para o recuento das colaboracións contabilizaranse todas as contribucións feitas durante o período en liña mais o período presencial da competición.

As contribucións realizadas durante o período da competición poden empregarse, ademais, para o recoñecemento dun **crédito ECTS nos estudos de grao**.

## 2. Categorías de participación

As persoas participantes poderán competir en tres categorías:

1. **Gravación de fragmentos (en liña)**
2. **Validación de audios (en liña)**
3. **Xeración de frases (presencial)**

Haberá unha persoa gañadora en cada categoría e unha persoa gañadora global (a que máis contribucións realice no total, sumando as tres categorías).

## 3. Normas xerais

- As persoas participantes deben estar inscritas previamente no Validatón mediante o [formulario de inscrición](#).
- Só se contabilizarán as contribucións realizadas durante o período da competición.
- As contribucións de audio (gravación e validación) rexistraranse directamente en Common Voice, mentres que a creación de frases se fará nunha folla de cálculo deseñada para o evento.
- Na sesión presencial levarase a cabo a creación de frases e entrega de premios.
- Para poder recibir os premios, o alumnado participante deberá estar presente no ILG o día 10 de abril.

## 4. Premios

- O **campión ou campioa de cada categoría** recibirá un premio de **50 euros**. En caso de empate nunha categoría, considerarase a segunda métrica máis relevante (por exemplo: na categoría de validación de audios contaríase o número de frases gravadas e viceversa). Se persistise o empate, realizaríase un sorteo.
- O **campión ou campioa global** será a persoa que máis contribucións realice no total, sumando as tres categorías, e recibirá un premio de **75 euros**.
- Unha persoa só poderá ser gañadora nunha única categoría: ou ben unha das tres categorías individuais, ou ben a nivel global. É dicir, **ningunha persoa poderá recibir máis dun premio** (por exemplo, se a gañadora global é tamén a gañadora en gravación de fragmentos, só poderá recibir un dos dous premios, o outro pasará á seguinte persoa na métrica da categoría).
- **Todo o alumnado** participante recibirá un **pequeno agasallo** e ademais haberá **algunha sorpresa**.
- A **entrega de premios** e agasallos terá lugar ao final da fase presencial da competición no Instituto da Lingua Galega (ILG). Para poder recibir os premios, as/os gañadoras/es deberán estar presentes no ILG.